

Martes, 10 de marzo de 2020

Núm. 48

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**MUNICIPAL**

**PONTEAREAS**

**Persoal, oposicións**

*APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA PARA PRESENTACIÓN INSTANCIAS NA CATEGORÍA DE OFICIAL 1ª DE COCIÑA PARA CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN E NOMEAMENTOS DE PERSOAL TEMPORAL.*

### *ANUNCIO*

*APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS PARA A CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN E NOMEAMENTO DE PERSOAL TEMPORAL E CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS NA CATEGORÍA DE OFICIAL 1ª DE COCIÑA.*

Con data 17 de febreiro de 2020 aprobouse mediante Decreto nº 2020-0672, as Bases Específicas para a confección de listaxes de contratación e nomeamentos de persoal temporal na categoría de Oficial 1ª de Cociña, así como a aprobación da convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días naturais a partir do día seguinte á data de publicación deste anuncio no BOP.

As instancias polas que se solicita formar parte neste proceso selectivo, dirixiranse ao Alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras atópanse publicadas no taboleiro electrónico do Concello e na súa páxina web, [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal), apartado de Oferta de Emprego Público.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

